

CONCRECIÓN CURRICULAR

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36003111	CEIP Nosa Señora das Dores	Forcarei	2023/2024

Contido	Páxina
a) A adecuación dos obxectivos xerais das etapas ao contexto do centro	3
b) A contribución á adquisición das competencias clave	4
c) Os criterios para desenvolver os principios pedagóxicos e incorporar os elementos transversais	9
d) Os criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía	10
e) Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos	11
f) Os criterios de oferta educativa, itinerarios e optatividade, de ser o caso	12
g) Os criterios para o deseño das actividades complementarias	12
h) Os criterios para o deseño dos plans de reforzo ou de recuperación para o alumnado que promocióne con materias, ámbitos ou módulos pendentes de cursos anteriores, de ser o caso	12
i) Os criterios para o deseño dos plans específicos de reforzo ou personalizados para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso, de ser o caso	13
j) Os criterios xerais para a avaliación, e de ser o caso, a promoción e a titulación	13
k) Os criterios xerais do outorgamento de matrículas de honra, de ser o caso	14
l) As decisións e criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas	14
m) Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas	15
n) O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular	15
o) Outros apartados	15

a) A adecuación dos obxectivos xerais das etapas ao contexto do centro

1.- O NOSO CENTRO

O CEIP Nosa Señora das Dores está situado no concello de Forcarei, pertencente a zona de Deza- Tabeirós Terra de Montes, situado na provincia de Pontevedra. Na actualidade está formado por 7 unidades:

- 2 unidades mixtas en educación infantil.
- 1 unidade mixta de 3º e 4º de educación primaria.
- 4 unidades formadas por grupos simples en 1º, 2º, 5º e 6º Educación Primaria.

Durante este curso escolar contamos con oitenta e catro alumnos/as e un claustro de catorce mestres e mestras, dos cales tres son itinerantes co CEIP de Soutelo e o CEIP San Xoan Bautista.

2.- BASE LEGAL

A concreción curricular é o marco que establece o claustro de mestres cos criterios e decisións para orientar o desenvolvemento do currículo por parte do profesorado e a coordinación interdisciplinar por parte dos órganos de coordinación docente para garantir a coherencia na actuación docente. Para a súa elaboración tivemos en conta a seguinte lexislación vixente:

- Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación modificada pola Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. (LOMLOE).
- Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica2/2006, do 3 de maio, de educación.
- Orden de 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 155/2022, de 15 de setembro, pola que se establece a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesta etapa educativa.
- Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o decreto 229/2011, do 7 de decembro polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Resolución do 6 de xuño de 2023, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2023/24.

3. ETAPA DE EDUCACIÓN INFANTIL

A Educación Infantil contribuirá a desenvolver nas nenas e nos nenas as capacidades que lles permitan (Decreto 150/2022, do 8 de setembro):

- Coñecer o seu propio corpo e o das outras persoas, así como as súas posibilidades de acción, e aprender a respectar as diferenzas.
- Observar e explorar a súa contorna familiar, natural e social.
- Adquirir progresivamente autonomía nas súas actividades habituais.
- Desenvolver as súas capacidades emocionais e afectivas.
- Relacionarse coas demais persoas en igualdade e adquirir progresivamente pautas elementais de convivencia e relación social, así como exercitarse no uso da empatía e a resolución pacífica de conflitos, evitando calquera tipo de violencia.
- Desenvolver habilidades comunicativas en diferentes linguaxes e formas de expresión.
- Iniciarse nas habilidades lóxico-matemáticas, na lectura e a escritura, e no movemento, o xesto e o ritmo.
- Promover, aplicar e desenvolver as normas sociais que fomentan a igualdade entre mulleres e homes.
- Coñecer e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

4. ETAPA DE EDUCACIÓN PRIMARIA

A educación primaria contribuirá a desenvolver nas nenas e nos nenos as capacidades que lles permitan (Decreto 155/2022 do 15 de setembro):

- Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas de forma

empática, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.

- Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.
- Adquirir habilidades para a resolución pacífica de conflitos e a prevención da violencia, que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito escolar e familiar, así como nos grupos sociais con que se relacionan.
- Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas por motivos de etnia, orientación ou identidade sexual, relixión ou crenzas, discapacidade ou outras condicións.
- Coñecer e utilizar de maneira apropiada a lingua galega e a lingua castelá e desenvolver hábitos de lectura.
- Adquirir, polo menos, nunha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.
- Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser capaces de aplicarlos ás situacións da súa vida cotiá.
- Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura.
- Desenvolver as competencias tecnolóxicas básicas e iniciarse na súa utilización para a aprendizaxe, utilizando un espírito crítico ante o seu funcionamento e as mensaxes que reciben e elaboran.
- Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.
- Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física, o deporte e a alimentación como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
- Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan a empatía e o seu coidado.
- Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas.
- Desenvolver hábitos cotiáns de mobilidade activa autónoma saudable, fomentando a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.
- Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e os homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

b) A contribución á adquisición das competencias clave

As competencias clave son os desempeños que se consideran imprescindibles para que o alumnado poida progresar con garantías de éxito no seu itinerario formativo y afrontar os principais retos e desafíos globais e locais. Son a adaptación ao sistema educativo das competencias clave establecidas na Recomendación do Consello da Unión Europea de 22 de maio de 2018 relativa ás competencias clave para o aprendizaxe permanente.

Asemade, eses desempeños evidéncianse nas capacidades para aplicar de forma integrada os contidos propios de cada ensinanza e etapa educativa, co fin de lograr a realización idónea de actividades e a resolución eficaz de problemas complexos. Debemos abandonar os modelos tradicionais de transmisión de coñecemento por modelos que permitan mobilizar os recursos cognitivos baseados no aprender a aprender e aprender facendo. A necesidade de contribuír ao desenvolvemento destas competencias fai preciso traballar co alumnado mediante unha aprendizaxe significativa achegándolle a vida cotiá á aula para que poidan conectar as aprendizaxes da escola coa súa realidade e para que poidan solucionar problemas prácticos enfrontándose a situacións cotiás así como tamén un posible traballo por proxectos.

Debemos potenciar e contribuír as seguintes competencias:

- Competencia en comunicación lingüística (CCL)
- Competencia plurilingüe (CP)
- Competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñaría (STEM)
- Competencia dixital (CD)
- Competencia persoal, social e de aprender a aprender (CPSAA)
- Competencia cidadá (CC)
- Competencia emprendedora (CE)
- Competencia en conciencia e expresión culturais (CCEC)

B.1. ETAPA EDUCACIÓN INFANTIL

A contribución á adquisición das competencias clave na etapa de educación infantil entenderase do seguinte xeito:

- Competencia en comunicación lingüística (CCL) e Competencia Plurlingüe (PL). Fomento da capacidade de comunicación a partir do coñecemento dos códigos das distintas linguaxes sendo quen de decidir a idoneidade de uso segundo o contexto abrindo as portas á fusión de distintas linguaxes. Implicación e prioridade ao fomento, emprego e dinamización da nosa lingua en todos os ámbitos do mesmo, en todas as actividades que impregnen a vida escolar e da comunidade educativa. Planificaremos tempos específicos para a oralidade: faladoiros, dinámicas anuais EDLG, PDI, podcast,

- Competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñaría (STEM). Estimulación do pensamento construtivo e creativo. Empregaremos razoamentos e argumentos propios de cara a resolver problemas da vida cotiá. O pensamento crítico como crítica reflexiva e argumentativa integrándoo no deseño das propostas didácticas. Metodoloxías flexibles e adaptadas ao nivel madurativo do alumnado, que propicien a toma de decisións, a expresión de iniciativas, o respecto interindividual e a a creatividade por medio da expresión e creación.

- Competencia dixital (CD). Iníciase o proceso de alfabetización dixital que supón, entre outros, o acceso á información, á comunicación e á creación de contidos a través de medios dixitais, así como o uso saudable e responsable das ferramentas dixitais. Ademais, o uso e a integración destas ferramentas nas actividades, experiencias e materiais da aula poden contribuír a aumentar a motivación, a comprensión e o progreso na adquisición de aprendizaxes das nena.

- Competencia persoal, social e de aprender a aprender (CPSAA) e Competencia Cidadá (CC). Desenvolvemento de competencias relacionadas coa expresión de sentimentos, autoconecemento, autoestima e autoconcepto positivos (educación emocional). Sentido crítico e mellora de autoestima. Incorporación de novos sistemas de chamada á actividade e/ou lecer acordes coa liña de mellora do “bo estar” no centro. Equipo de convivencia e benestar. Creación, dotación e xestión do espazo calmo para o traballo corporal e emocional. Adquisición de habilidades para a resolución pacífica de conflitos, xerando actitudes de empatía e persoas que resolven as súas discrepancias facendo uso da palabra, a reflexión e o razoamento. Resolución de conflitos a través de la comunicación e o consenso. Espazo calmo, patio inclusivo.

- Competencia emprendedora (CE). Aquisición das técnicas e estratexias necesarias para comprender o feito humano no seu contexto social e cultural, Observar, comprender e transformar a sociedade e a cultura. Incorporación da cultura do emprendemento, educando ao alumnado como persoas emprendedoras. Espírito crítico e transformador. Incorporación da transversalidade como fonte de incorporación de coñecementos científicos, técnicos, humanísticos, históricos e artísticos, hábitos e valores positivos de convivencia, hábitos saudables e técnicas eficaces de traballo. agrupamento e aprendizaxe cooperativa, ABP,...

- Competencia en conciencia e expresión culturais (CCEC). Adquisición de capacidades para observar, comprender e transformar o entorno adquirindo hábitos de respecto e coidado do mesmo como un ben único e esgotable, sendo axentes de transformación activa do medio, adoptando unha actitude non depredadora do mesmo. Aproveitamento do entorno natural no que esta inmerso o centro para coñecer e ampliar coñecementos e destrezas . Compromiso co entorno e a preservación do medio ambiente na promoción da participación do centro en proxectos que implican tomar conciencia responsable cara a conservación do medio ambiente e de implicación activa na mesma, nos diferentes niveis educativos. Desenvolvemento de proxectos de centro de implicación no entorno.

B.2. ETAPA EDUCACIÓN PRIMARIA

b.2.1. Contribución da área de lingua galega ao desenvolvemento das competencias clave. A área de lingua galega é básica para a adquisición da Competencia lingüística e da competencia plurlingüe. Ademais, as posibilidades de comunicación que suscitan as TIC están presentes en elementos curriculares de todos os bloques (obtención, tratamento e comunicación da información), xa que logo, mediante a aprendizaxe da lingua contribúese á adquisición da Competencia Dixital. A construción de coñecementos a través da linguaxe relaciónase coas competencia persoal, social e de aprender a aprender porque a linguaxe é un instrumento de comunicación que permite comunicarse, analizar problemas, elaborar plans, a elaboración de textos lingüísticos e literarios, de xeito individual ou en grupo,

contribúe no plano das Competencias cidadá permite que se estimule a competencia emprendedora. Finalmente, o estudo das variedades do galego e das linguas faladas en España e o coñecemento da literatura contribúen ao desenvolvemento da Conciencia e as expresións culturais.

b.2.2. Contribución da área de lingua castelá ao desenvolvemento das competencias clave. A área de lingua castelá contribúe de forma directa ao desenvolvemento da competencia en comunicación lingüística e competencia plurilingüe: habilidade de expresión e da interpretación de diferentes tipos de discurso de maneira crítica e captando a súa intencionalidade o que axuda a incorporar ferramentas de utilización da linguaxe como instrumento de comunicación. Nesta área desenvólvense estratexias de expresión oral e escrita, comprensión de mensaxes de diferente tipoloxía, enriquecemento do vocabulario, estratexias para unha correcta fluidez verbal, a adquisición e aplicación de estruturas gramaticais. A competencia en comunicación lingüística constitúe a base da aprendizaxe e é vehículo canalizador do desenvolvemento competencial en todas as súas facetas. Esta área posibilita que o alumnado constrúa os seus coñecementos mediante a linguaxe, xestionando eficazmente a súa aprendizaxe e reflexionando criticamente sobre os seus fins. A información e a súa comprensión danos a posibilidade de poñer en xogo mecanismos de autonomía e iniciativa persoal (competencia persoal, social e de aprender a aprender). A lingua castelá é un instrumento para a autoavaliación e os procesos de pensamento o que permite construír estratexias na toma de decisión e na comunicación de proxectos persoais. A comunicación verbal e non verbal contribúen ao aumento da autoestima e desenvolvemento persoal, garantindo unha adecuada interacción social (competencia emprendedora). Interpretar os diferentes tipos de discurso e aplicar esta interpretación a situación de comunicación diversas e en diferentes contextos sociais e culturais, axuda a comprender e a situarnos en contextos socioculturais distintos. A área de lingua castelá permite a posibilidade de avanzar, aprendendo dos erros e de comunicar experiencias integrando o emocional e o social (competencia cidadá).

A área de lingua castelá contribúe á competencia dixital proporcionando coñecementos, destrezas para buscar información, así como utilízala de forma crítica, avaliando a súa pertinencia. O currículo inclúe o uso de soportes electrónicos na composición de textos o que implica algo máis que un cambio de soporte, xa que afecta á aspectos como a planificación, execución, revisión. Ademais os medios de comunicación dixitais que xorden continuamente implican un uso social e colaborativo da escritura que permite concibir a aprendizaxe da lingua no marco dun verdadeiro intercambio comunicativo.

A área de lingua Castelá contribúe ao desenvolvemento da competencia de conciencia e expresión cultural na medida na que se converte en ferramenta fundamental na realización, expresión creativa nos distintos medios. A lectura, comprensión e valoración das obras literarias contribúen ao desenvolvemento desta competencia que permite percibir os recursos lingüísticos e literarios e po agrado pola lectura como actividade enriquecedora e pracenteira.

A adecuada comprensión lectora e a fluidez verbal son elementos importantes na resolución de problemas matemáticos. A orde e a boa disposición nas diferentes formulacións de hipóteses, xeran una mellor comunicación das experiencias . Todo isto contribúe ao desenvolvemento da competencia matemática e en ciencia, tecnoloxía e enxeñaría.

b.2.3. Contribución da área de lingua estranxeira ao desenvolvemento das competencias clave. A aprendizaxe da lingua estranxeira contribúe directamente a adquisición da competencia en comunicación lingüística e competencia plurilingüe na medida en que o alumnado adquire e desenvolve as habilidades de escoitar, falar e conversar en varias linguas O recoñecemento e a aprendizaxe progresiva das regras de funcionamento do sistema da lingua estranxeira mellora tamén esta competencia. Tamén contribúe á capacidade de entender unha mensaxe, escoitar, ler, escribir o que vai favorecer comprender eses sucesos, expresar as consecuencias, entender as opinións dos demais sobre unha acción. A competencia lingüística permite razoar, argumentar, formular hipóteses, deducir, inducir o que favorece que o alumnado interprete correctamente os enunciados dos problemas matemáticos , contribuíndo deste xeito ao desenvolvemento da competencia matemática e en ciencia, tecnoloxía e enxeñaría. A lingua estranxeira contribúe ao desenvolvemento da competencia dixital na medida en que o alumnado aprende a comprender un texto (oral ou escrito en calquera formato), a discriminar o contido máis relevante, a organizar en parágrafos, a producir textos seguindo un modelo pero con distinta información, a resumir, rebater, discutir, compartir. As linguas forman parte dunha cultura e serven para comunicarse no ámbito social. A aprendizaxe da lingua estranxeira permite coñecer novas culturas, favorece o respecto, o interese e a comunicación con outros aprendices ou falantes desa lingua. Todo isto leva consigo o recoñecemento e a aceptación de diferenzas culturais e de comportamento, o que contribúe ao desenvolvemento da competencia cidadá. A lingua estranxeira tamén contribúe ao desenvolvemento da competencias en conciencia e expresión culturais xa que a súa aprendizaxe supón coñecer, comprender, apreciar e valorar criticamente diferentes manifestacións culturais, utilizándoas como fonte de enriquecemento e goce e considerándoas como parte do patrimonio doutros pobos. Como a linguaxe é o medio de transmisión do pensamento e a ferramenta de aprendizaxe por excelencia, a materia de lingua estranxeira contribúe de xeito fundamental ao desenvolvemento da competencia persoal, social e de aprender a aprender porque ofrece máis posibilidades e

recursos diferentes para comprender, interpretar, expresar opinións ou sentimentos e emocións e formular hipóteses de funcionamento da lingua. O coñecemento dunha lingua estranxeira contribúe ao desenvolvemento da competencia emprendedora porque fomenta o traballo cooperativo na aula e as habilidades sociais e porque permite o desenvolvemento de iniciativas sobre planificación, organización e xestión do traballo.

b.2.4. Contribución da área de matemáticas ao desenvolvemento das competencias clave. Os contidos da área oriéntanse de maneira prioritaria a garantir o mellor desenvolvemento da competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñaría en todos os aspectos. Buscamos habilitar ao alumnado de iniciativas propias (c. aprender a aprender) a través da investigación por medio da observación e uso dos medios tecnolóxicos (competencia dixital) para desenvolverse no mundo fóra da aula que é no ten que vivir. As matemáticas contribúen ao tratamento da información e competencia dixital en varios sentidos. A) Proporcionan destrezas asociadas ao desenvolvemento do pensamento matemático contribuíndo á competencia da conciencia e expresións culturais porque fai posible a súa comprensión e permite unha descrición máis axeitada do entorno no que vive. b) Permiten o uso dos números e a interpretación de situacións problemáticas. C) Utiliza a calculadora e outros medios tecnolóxicos como ferramentas para facilitar a súa comprensión. A área contribúe ao desenvolvemento da competencia emprendedora porque a resolución de problemas ten tres vertentes asociadas a esta competencia: A planificación, a xestión de recursos e a valoración dos resultados que debe potenciar o espírito crítico valorando o entorno social relacionando os contidos das diferentes áreas. O carácter instrumental dunha dos obxectivos deben proporcionar o desenvolvemento da competencia persoal, social e de aprender a aprender; dado que é imprescindible insistir nas tarefas relacionadas co desenvolvemento da autonomía, a perseveranza, o esforzo, o tratamento de textos para afrontar situacións complexas do medio. Os obxectivos establecidos na competencia matemática contribúen o desenvolvemento da competencia en comunicación lingüística porque insisten no emprego dun vocabulario preciso e uso contidos asociados á descrición verbal e escrita dos razoamentos e dos procesos. A achegan dos obxectivos á competencia cidadá aparece cando as aprendizaxes deseñadas relacionadas coa área deben facer fincapé no desenvolvemento da adquisición de destrezas para levar a cabo análises de resolución de situacións sociais nas que se ve involucrado diariamente como un suxeito activo e participativo na construción dunha sociedade con dereitos e deberes.

b.2.5. Contribución da área de ciencias da natureza ao desenvolvemento das competencias clave. Desenvólvense as competencia cidadá directamente en todos os aspectos da educación cívica (aprendendo a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores e concibindo unha escala de valores propia para poder actuar conforme a mesma), da relación cos demais e no compromiso social (desenvolvendo capacidade de diálogo en situacións de convivencia e amosando dispoñibilidade para participar respectando opinións e quendas).

A Comunicación en comunicación lingüística vai a estar presente en todo momento dado que se pretende que o alumnado avance captando vocabulario, expresións orais e escritas e se comunique en todo momento tanto a nivel verbal como non verbal facendo da lingua o medio primordial para comunicarse e poder gozar da lectura.

Respecto da competencia dixital, boa parte das aprendizaxes da área requiren códigos, formatos e linguaxes para a súa comprensión (lecturas de gráficos, esquemas, interpretación de datos,...). A utilización de medios informáticos e audiovisuais procuran a busca de información e contraste da mesma ao tempo que permiten presentar traballos estéticos contribuíndo de forma decisiva, ao desenvolvemento desta competencia.

O constante uso na área de técnicas para aprender, traballar en equipo, organizar contidos, memorizar e recuperar a información favorecen o desenvolvemento da competencia persoal, social e de aprender a aprender. Contribuíndo tamén aplicar estratexias para a mellora do pensamento creativo, crítico, emocional, ¿ que favorezan a comprensión dos contidos.

O coñecemento das manifestacións culturais, a valoración da diversidade e o recoñecemento daquelas que forman parte do patrimonio cultural contribúen á competencia Conciencia e expresións culturais. Esta área inclúe contidos directamente relacionados coa competencia emprendedora, ao ensinar a tomar decisións, tanto no ámbito escolar como na planificación de forma autónoma e creativa de actividades de ocio asumindo as responsabilidades encomendadas sendo constante no traballo e procurando superar as dificultades.

Esta área tamén contribúe a adquisición da competencia matemática e en ciencia, tecnoloxía e enxeñaría porque o alumnado se enfrenta a situacións cotiás a través da observación, experimentación. Desenvolvemento de proxectos que precisan un uso de técnicas axeitadas para calcular, aplicar estratexias de resolución de problemas, estimar argumentacións, reflexionar sobre estas e apoiar explicacións e presentar informacións que requiran da linguaxe matemática.

b.2.6. Contribución da área de ciencias sociais ao desenvolvemento das competencias clave. Esta área contribúe principalmente ao desenvolvemento da competencia cidadá en dous ámbitos. Por un lado as relacións próximas que requiren favorecer a toma de conciencia das propias emocións e desenvolvemento de actitudes de diálogo, de comunicación e de resolución de conflitos con asertividade. Por outro lado abórdase ámbitos que transcenden esa

proximidade: parroquia, concello, comunidade o que implica coñecer a súa organización, funcións, mecanismos de participación. Esta area convertese nun espazo privilexiado para reflexionar sobre conflitos, asumir responsabilidades con respecto ao grupo, elaborar e aceptar normas de convivencia, tanto en situacións reais que hai que resolver diariamente, como nas propias do ámbito social no que se vive. O uso de ferramentas matemáticas como medidas, táboas, representacións gráficas. Contribúe ao desenvolvemento da competencia matemática e en ciencia, tecnoloxía e enxeñaría xa que require un achegamento ao método científico e tecnolóxico: saber definir problemas, estimar solucións, elaborar estratexias, deseñar pequenas investigacións, analizar resultados e comunicalos. A información é un elemento imprescindible de aprendizaxe desta área. Esta información se presenta en diferentes códigos, formatos...: ler un mapa, interpretar un gráfico, observar un fenómeno, utilizar unha fonte histórica,; esixe o uso de procedementos diferenciados de busca, selección, organización e interpretación. Por iso contribúe dun xeito moi relevante á adquisición da competencia dixital. (Uso do ordenador, manexo dun procesador de textos, busca en internet, regras para un uso seguro e ético nas distintas redes sociais...). A área de ciencias sociais contribuirá significativamente a fomentar e mellorar a comunicación e o diálogo no alumnado, a estruturación do discurso, a capacidade de síntese e polo tanto o desenvolvemento da competencia en comunicación lingüística e competencia plurilingüe. A aprendizaxe das Ciencias sociais contribuirá ao desenvolvemento de competencia persoal, social e de aprender a aprender, mediante o desenvolvemento de técnica para tratar a información: realización de resumos, esquemas ou mapas conceptuais.

A contribución da área á competencia conciencia e expresión culturais centrase no coñecemento das manifestacións culturais, na valoración da súa diversidade e recoñecemento daquelas que forman parte do noso patrimonio. Inclúense contidos relacionados directamente co desenvolvemento da competencia emprendedora porque ensina a tomar decisións e iniciativas de forma autónoma e creativa de actividades de ocio.

b.2.7. Contribución da area de educación musical e danza ao desenvolvemento das competencias clave. A área de música contribúe á adquisición da competencia en comunicación lingüística e competencia plurilingüe pois favorece a obtención e o uso dun vocabulario musical básico integrando os elementos básicos deste último coa linguaxe verbal; asemade, os coñecementos, destrezas e actitudes que se adquiren con esta competencia permiten expresar pensamentos, emocións, vivencias y opinións propias, favorecendo a formación dun espírito crítico. O tratamento da información e competencia dixital adquirense co coñecemento do uso do hardware e software musical, os distintos formatos de son e de audio dixital ou mediante técnicas de tratamento e gravación de sons relacionados coa produción de mensaxes musicais, audiovisuais e multimedia. Tamén axuda ao alumnado nos procesos de autoaprendizaxe mediante a utilización da internet e favorece a súa posible integración en actividades de ocio. Esta area favorece a competencia cidadá por medio da participación en actividades musicais relacionadas coa interpretación e creación colectiva que requiren un traballo cooperativo permitindo a oportunidade de expresar ideas propias, así como valorar as dos demais. A obtención da competencia en conciencia e expresión culturais conséguese co coñecemento de músicas doutras culturas, épocas, estilos. Pode fomentar actitudes respectuosas creando relacións con outras linguaxes artísticas e con outras contornas. Permite adquirir aptitudes para expresar ideas e sentimentos de forma creativa, activando a imaxinación. A competencia persoal, social e de aprender a aprender adquirense potenciando capacidades e habilidades fundamentais para a aprendizaxe guiada e autónoma como a atención, concentración e memoria, ao tempo que desenvolve o sentido da orde e a análise. As actividades de interpretación, audición musical e de adestramento auditivo precisan unha práctica de escoita reiterada, todo isto lévanos a unha toma de conciencia das nosas propias posibilidades. Por medio das actividades relacionadas coa interpretación musical que requiren unha planificación previa e unha toma de decisións para conseguir uns fins, todo isto desenvolve habilidades como a perseveranza, responsabilidade, autocrítica e autoestima.

A competencia matemática e en ciencia, tecnoloxía e enxeñaría adquirense xa que a música vertebra de forma sistemática nocións de tempo (codificación temporal). A danza resulta da integración a través do movemento de parámetros como espazo e tempo. Outros aspectos como duración, velocidade, métrica musical, forma, proporcionalidade... atanguen directamente ás aprendizaxes artísticas á vez que logran unha integración natural intuitiva das leis e modelos matemáticos.

A música e a danza empregan medios dixitais para ampliar as posibilidades expresivas e técnicas por iso esta área contribúe ao desenvolvemento da competencia dixital, ademais a rede inicia aos alumnos no acceso á oferta cultural.

b.2.8. Contribución da area de educación física ao desenvolvemento das competencias clave. A área de Educación Física contribúe esencialmente ao desenvolvemento da competencia no coñecemento e interacción co mundo físico mediante a percepción e interacción apropiada do propio corpo, en movemento ou repouso, nun espazo determinado. Tamén contribúe a preservar a saúde mediante o coñecemento, a práctica e a valoración da actividade física. Con esta área adquirense hábitos saudables e de mellora e mantemento da condición física. As características da Educación física, sobre todo as relativas ao entorno no que se desenvolve e á dinámica das clases, axudan ao desenvolvemento da competencia cidadá. As actividades físicas e en especial as que se realizan colectivamente son un medio eficaz para facilitar a relación, a integración e o respecto, á vez que contribúen ao desenvolvemento da

cooperación e da solidariedade, respectando a autonomía persoal, a participación e a valoración da diversidade. ¿Esta área contribúe nalgunha medida á adquisición da competencia en conciencia e expresión culturais. Mediante a exploración e utilización das posibilidades e recursos do corpo e do movemento contribúe á expresión de ideas ou sentimentos de forma creativa. Tamén contribúe a apreciación e comprensión do feito cultural, mediante o recoñecemento e apreciación das manifestacións culturais como os deportes, xogos tradicionais, danzas.. . A área contribúe á competencia persoal, social e de aprender a aprender porque empra ao alumnado a tomar decisións con progresiva autonomía en situacións nas que debe manifestar superación, perseveranza e actitude positiva. Asemade desenvolve melloría en aspectos de organización individual e colectiva nas actividades físicas, deportivas e expresivas, mediante o coñecemento de si mesmo e das propias posibilidades e carencias. Deste xeito permite o establecemento de metas que se poden acadar xerando autoconfianza. Ao mesmo tempo os proxectos comúns en actividades físicas colectivas favorecen a adquisición de recursos de cooperación. referidos ao corpo, procedentes dos medios de información e comunicación, que poden danar a propia imaxe corporal. Desde esta perspectiva contribúe en certa medida á competencia dixital. A área tamén contribúe á adquisición da competencia en comunicación lingüística, ofrecendo gran variedade de intercambios comunicativos, do uso das normas que os rexen e do vocabulario específico que esta área achega. Esta área contribúe ao desenvolvemento da competencia matemática, no desenvolvemento da conduta motriz aspectos relacionados coa orde, as secuencias de accións, as traxectorias espaciais, as velocidades e a interpretación do comportamento motor a través de diversas unidades de medida.

c) Os criterios para desenvolver os principios pedagóxicos e incorporar os elementos transversais

Nos últimos anos a sociedade sensibilizouse nalgúns aspectos que inciden directamente na marcha do sistema. Algúns trátanse sempre dentro do currículo, outros son elaborados como complemento á programación. Os que aquí recolleemos, son temas de impacto actual e de gran importancia que deben tratarse. O compromiso do centro é tal que leva varios cursos participando das iniciativas de Contrato Programa (CPINclúe, CPInnova), Plan Director, Educación Responsable... coas que pretendemos contribuir ao desenvolvemento dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) da Axenda 2030. Destacamos valores como:

- Educación para a convivencia e para a paz, procurando que a escola sexa un lugar de encontro entre persoas distintas que forman unha comunidade e cuxos intereses non sempre son harmónicos, facer da escola un lugar idóneo para poder aprender por propia experiencia esa actitudes básicas e necesarias para unha convivencia realmente libre, solidaria, democrática e participativa. Para iso desenvolvemos as seguintes actuacións:
 - Potenciación das habilidades sociais dentro das titorías (saúdos, despedida, agradecementos, desculpas....).
 - Xogos e actividades que fomenten o traballo cooperativo (ABX e ABP).
 - Obradoiros de xestión e regulación emocional e acoso (este último Plan Director).
 - Xuntanzas de convivencia con outros centros e entre aulas ou ciclos dentro do colexio.
 - Participación de competencias deportivas intercentros.
 - Patios Dinámicos (inclusión de propostas variadas non só xogos de pelota).
- Educación ambiental e sostible, procurando valorar a natureza que nos rodea, e promover no alumnado hábitos ecosostibles, tendo un coidado minucioso do entorno e unha actitude respectuosa por todo o relacionado co medio natural. Para iso desenvolvemos as seguintes actuacións:
 - Continuación coa sensibilización da importancia de reciclar selectivamente dentro e fóra das aulas.
 - Favorecer prácticas sostibles baseado no uso racional dos recursos.
- Coeducación, modificando hábitos discriminatorios por sexo e procuraremos actividades e tarefas cooperativas asignando responsabilidades dentro do grupo por igual. Para iso desenvolvemos as seguintes actuacións:
 - Poñendo en valor a importancia da igualdade entre homes e mulleres.
 - Empregando unha linguaxe non sexista.
 - Participación equilibrada das actividades do centro.
- Educación para a saúde, procurando o benestar xeral do alumnado, incorporando hábitos de alimentación saudable (calendario de merendas, menús escolar con recomendacións nutricionais, ...) e incremento na actividade física dentro das dinámicas do centro (Deporte Escolar, Carreiras Solidarias, Xogos tradicionais.....). Para iso

desenvolvemos as seguintes actuacións:

- Elaborar menús saudables dende o comedor. Engadir recomendacións para as familias mensualmente.
- Establecer calendario de merendas saudable para todo o centro.
- Incrementar a participación das actividades deportivas
- Dar a coñecer entre a comunidade a importancia dunha alimentación equilibrada.

d) Os criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía

Pretendemos que o noso modelo de educación sexa integral favorecendo o desenvolvemento de capacidades, valores e procedementos na aprendizaxe do alumnado. Deste xeito, convertémonos en mediadores e acompañantes do noso alumnado. Buscaremos sempre un aprendizaxe global que integre o maior número de aspectos posibles recollidos dentro dos diferentes núcleos de contidos, relacionando coñecementos, destrezas e actitudes.

No noso traballo diario utilizaremos os modelos metodolóxicos que consideremos mellores para adquirir os nosos obxectivos. Entre estes atoparemos o discurso expositivo ou de experiencias, os obradoiros, aprendizaxe cooperativa e colaborativa, o traballo por tarefas, pequenas investigacións ou por proxectos. Todo isto, sen esquecer outros principios metodolóxicos como son a actividade e experimentación, a participación, motivación, personalización e individualización da aprendizaxe, inclusión, interacción, aprendizaxe significativa e funcional e o enfoque globalizador.

A maiores, non queremos esquecer:

- Poñer especial énfase na atención á diversidade do alumnado, na atención individualizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten estas dificultades.
 - Partir dos coñecementos previos do alumnado. Será importante buscar a implicación e interese na temática a abordar.
 - Desenvolver unha atención temperá de calidade o que derive en diagnoses precoces das necesidades e conduza ao establecemento de mecanismos de reforzo de xeito inicial.
 - Empregar unha metodoloxía comunicativa, inclusiva, activa e participativa, e dirixida ao logro dos obxectivos e das competencias clave. As explicacións que se vaian realizar sempre se poderán apoiar con recursos dixitais (imaxes, vídeos, audios) e incluso coa realización de esquemas e mapas conceptuais.
 - Procurar a integración das distintas experiencias e aprendizaxes do alumnado e ter en conta os seus distintos ritmos e estilos de aprendizaxe, favorecendo a capacidade de aprender por si mesmo, promovendo o traballo colaborativo e en equipo.
 - Reforzar a lectura (sobre todo en EP), xa que constitúe un factor fundamental para o desenvolvemento das competencias. Co fin de fomentar o hábito da lectura, o centro conta, entre outras, con rutinas lectoras de interese. Resaltamos a "Hora de Ler" cun tempo destinado á lectura grupal ou silenciosa. Indicar que neste curso escolar seguiremos reforzando a lectura co noso club lector, " O Club do Formigueiro" destinado para o alumnado de 5º e 6º de educación primaria.
 - Promover situacións de aprendizaxe integradas que lle permitan ao alumnado avanzar cara resultados o máis satisfactorios posibles.

Ademais do citado, para a etapa de EDUCACIÓN INFANTIL destacamos que:

- As UD terán actividades adaptadas as diferentes necesidades e ritmos de aprendizaxe do alumnado. Buscarán a exploración e manipulación de diversos materiais, xerando curiosidade e culminando con sinxelas creacións das crianzas.
 - Ao longo das actividades empregaremos distintos agrupamentos, contaremos con dinámicas individuais, de parella, de grupos ou equipos (fomentando o traballo colaborativo e cooperativo) e de gran grupo.
 - Tal e como xa comentamos, debe estar moi presente no deseño das actividades os principios do Deseño Universal de Aprendizaxe, ofertando dentro dunha mesma actividade, diferentes maneiras de acceder a información, diferentes xeitos de expresarse, e diferentes maneiras de motivar ao alumnado, máis se cabe nas nosas aulas, dúas unidades mixtas.
 - Para conseguir máis significatividade nas aprendizaxes do alumnado empregaremos estratexias que axuden a conseguilo seguindo os principios básicos da neuro educación no que se afirma que o alumnado ten que sentir interese polo tema para activar as súas conexións neuronais ou ben como mestras deberemos motivar ao alumnado pola temática ou eixe da situación de aprendizaxe.
 - Empregarase un enfoque activo á hora de deseñar as actividades, buscando sempre que as persoas alumnas

sexan protagonistas activas das súas aprendizaxes. Ofreceranse propostas onde se desenvolvan diferentes tipos de habilidades e capacidades (actividades multi nivel ou con diferente gradación). Para acadalo empregaremos unha organización espacial acorde que permita levar a cabo diferentes propostas á vez e que o alumnado teña variedade para realizar (creación de distintos ambientes/recantos dentro da aula).

- O traballo con ferramentas tecnolóxicas estará sempre orientado cara o emprego destas como xeradoras de contidos e non transmisoras pasivas de información. Empregaranse de xeito responsable, respectando os tempos de uso, minimizando a exposición ás pantallas e empregando recursos acordes a súa idade e estado madurativo.

E, na etapa de EDUCACIÓN PRIMARIA a metodoloxía a utilizar basearase nunha aprendizaxe competencial, que permita conectar contidos das distintas materias curriculares ademais de abordar os diferentes elementos transversais. Para alcanzar este obxectivo metodolóxico, levarase a cabo:

- A realización de proxectos significativos e de actualidade que partan dos coñecementos previos do alumnado e do seu contorno próximo, así como dos seus centros de interese, os cales fomentarán a súa curiosidade e a motivación pola aprendizaxe.

- Favorecerase o uso oral e escrito da lingua en situacións comunicativas reais, favorecendo sempre que sexa posible o diálogo, debates, acordos,...

- Presentamos a lectura como parte importante do proceso educativo, xa que supón a decodificación e comprensión, require o entramento de habilidades para a súa adquisición. Para elo o alumnado atopará momentos para realizar lecturas en voz alta ou en silencio de texto de diferentes xéneros e de progresiva complexidade así como tamén lectura grupal por quendas.

- Actividades que partan da observación e experimentación, traballando o método científico a través de diversas investigacións e traballos desenvolvendo estruturas de aprendizaxe cooperativo.

- Tarefas de aprendizaxe integradas que faciliten a contextualización de proxectos, pequenas investigacións no medio, resolución de problemas concretos, realización de debates sobre temas de actualidade (contaminación, hábitos saudables, uso abusivo das tecnoloxías, ...) nas que o alumnado avance no desempeño das súas competencias.

- A posibilidade de realizar tarefas na aula virtual de xeito que lle resulten máis atractivas mediante fichas interactivas, scape room...

e) Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos

Cada curso escolar lévase a cabo un proceso de revisión e selección dos recursos e materiais didácticos, de acordo coas necesidades e propostas. A elección dos materiais didácticos dun ciclo ou aula farase no seo do equipo docente previo análise e estudo das diferentes opcións buscando a utilización de materiais que se adecúen ás necesidades de aprendizaxe do alumnado.

Na xestión e organización dos espazos e mobiliario siguese unha pauta estética común relacionada coa garantía de creación de ambientes de traballo estimuladores e facilitadores da inclusión.

En canto aos recursos podemos contar:

e.1. Recursos humanos. Contamos co profesorado do centro, persoal de limpeza e cociña, acompañantes de autobús, o alumnado e as súas familias. Tamén debemos mencionar calquer outro membro que puntualmente poida participar dalgunha proposta ou actividade.

e.1.2. Material funxible. Deberán ser ricos, variados e axeitados aos contidos, posibilitando múltiples posibilidades de acción. Mencionamos os seguintes:

- Libros de texto, dende 1º a 4º de Educación Primaria.
- Material funxible: cadernos, láminas, regras, ábacos, compás, material fotocopiado,...
- Material de refugallo e da contorna natural.
- Libros de información e de ficción da BE, xornais dixitais e en papel ...

e.1.3. Recursos dixitais. Destacamos os seguintes:

- Aula virtual e contornas dixitais con repositorios e cursos activos.
- Ordenadores E-Dixgal en 5º e 6º Educación Primaria.
- Ordenadores de Educa en Dixital
- Material tecnolóxico: tabletas, portátiles, monitores, material da radio escolar...

e.1.4. Recursos da contorna. As familia, o concello e os centros educativos da zona serán os recursos máis próximos pero non deixaremos de empregar os recursos naturais que ofrece esta localización: río Lérez, as carballeiras, rutas de sendeirismo, ...

f) Os criterios de oferta educativa, itinerarios e optatividade, de ser o caso

Non procede para Educación Infantil e Educación Primaria, xa que coa entrada en virgor da LOE modificada pola LOMLOE non hai oferta educativa de optatividade.

g) Os criterios para o deseño das actividades complementarias

As actividades complementarias e extraescolares deben contribuír a lograr unha formación plena e integral do alumnado. A programación e desenvolvemento deben de ir dirixidas a potenciar valores relacionados coa socialización, a participación, a cooperación, a integración, o respecto das opinións dos demais e aasunción das responsabilidades. Por todo iso, estas actividades débense integrar adecuadamente no conxunto de actividades educativas do centro.

Este tipo de actividades terá carácter voluntario para todo o alumnado do centro e, en ningún caso, formarán parte do proceso de avaliación polo que pasa o alumnado para a superación das distintas áreas ou materias curriculares que integran os plans de estudo.

O Equipo de Actividades Complementarias e extraescolares elaborará a súa proposta anualmente baseándose:

- Na adecuación da actividade á idade e interese dos nenos e nenas.
- Na adecuación da actividade aos proxectos ou investigacións a desenvolver no centro ou nas aulas no curso actual.
- No custo total da actividade (transporte, entrada..) tratando de minimizar o impacto económico nas familias.
- Na oferta variada de actividades: museo, teatro, natureza,...

h) Os criterios para o deseño dos plans de reforzo ou de recuperación para o alumnado que promocióne con materias, ámbitos ou módulos pendentes de cursos anteriores, de ser o caso

O reforzo educativo é unha medida de atención á diversidade que afecta á secuencia dos contidos, ás formas e aos instrumentos de avaliación, á organización da aula, ao agrupamento do alumnado e todo o incluído no ámbito da metodoloxía. Está destinado a que o alumnado consiga seguir o proceso ordinario ensinanza - aprendizaxe coa modificación dos elementos anteriormente citados.

Cando unha alumna ou un alumno de educación primaria suspende unha materia debe seguir un plan de reforzo educativo, que ten como finalidade atender e superar as dificultades. Este plan será elaborado polo mestre/a da materia. Na elaboración dos plans teranse en conta os seguintes aspectos:

- Identificación do alumno/a.
- Relación das necesidades educativas que motivaron a repetición de curso.
- Medidas ordinarias aplicadas no curso anterior.
- Estratexias metodolóxicas que se utilizaran no seu desenvolvemento.
- Recursos necesarios para o desenvolvemento do plan.
- De ser o caso, oferta de medidas extraordinarias.
- Acreditación da información á familia.

Sen prexuízo do anterior, cada mestre/a incluírá na súa programación no apartado de atención á diversidade unha serie de medidas para atender ao alumnado con necesidades educativas.

Ao final do curso, cada mestre/a fará un Informe individual final de curso, valorando a aplicación da medida ordinaria de atención á diversidade tal e como recolle a Orde do 8 de setembro de 2021. Estes informes serán entregados ao titor/a, quen os gardará no expediente do alumnado en secretaría.

i) Os criterios para o deseño dos plans específicos de reforzo ou personalizados para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso, de ser o caso

No deseño dos plans específicos de reforzo para o alumnado que non acade a promoción e que permaneza un ano máis no mesmo curso terase como referente a seguinte normativa:

- ORDE do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

Tomando como base esta lexislación, e as indicacións do Plan Xeral de Atención á diversidade, o Plan de Acción Tutorial e a PXA, cando unha alumna ou un alumno de educación primaria non promocióne ao seguinte curso; é dicir, en 2º, 4º ou 6º de E. Primaria, debe seguir un plan específico de reforzo, que ten como finalidade atender e superar as dificultades que levaron a esa repetición. Este plan será elaborado polo equipo docente, baixo a coordinación do profesorado titor, e desenvolverase ao longo de todo o curso.

O plan específico de reforzo debe incluír, cando menos:

- Identificación da alumna ou do alumno.
- Relación das necesidades educativas que motivaron a repetición do curso.
- Medidas ordinarias e/ou extraordinarias aplicadas no curso anterior.
- Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
- Recursos necesarios para o desenvolvemento do plan.
- De ser o caso, oferta de medidas extraordinarias.
- Acreditación da información á familia.

En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan específico de reforzo e, de ser necesario, realizaránselle os axustes que procedan. Ao finalizar o curso, na mesma sesión de avaliación, informarase sobre o seu desenvolvemento e o seu aproveitamento.

j) Os criterios xerais para a avaliación, e de ser o caso, a promoción e a titulación

j.1. Criterios de cualificación

- É responsabilidade de cada mestra/e reflectir os criterios de avaliación na súa programación didáctica.
- Ao comezo do curso escolar, abordarase aspectos xerais sobre a avaliación do alumnado.
 - Buscarase un equilibrio entre todos os elementos que inflúen na avaliación do alumnado: actividade diaria - actitude e comportamento- probas de avaliación. Estes criterios serán tidos en conta de cara á promoción do alumnado.
 - Os criterios de avaliación estarán a disposición das familias para, de ser solicitado, realizar as aclaracións oportunas co titor/titora ou o profesorado especialista.

j.2. Criterios de promoción

Con respecto á promoción do alumnado tanto de nivel como de etapa, farase de maneira colexiada polo Equipo docente de nivel e terase especialmente en conta a opinión do titor/a, respectando os criterios establecidos ao respecto. Para determinar o grado de consecución das competencias tomaranse como referencia as cualificacións das áreas segundo a seguinte:

- 1.- Que @ alumn@ acade cualificación positiva en todas as áreas. **PROMOCIÓN.**
- 2.- Que @ alumn@ non acade cualificación positiva en todas as áreas pero xa teña repetido unha vez na etapa. **PROMOCIÓN OBRIGATORIA**
- 3.- Que o alumno non acade avaliación positiva en todas as áreas. Consideración da conveniencia da promoción ou non a partires da análise dos seguintes aspectos:
 - 1. Avaliación negativa nas áreas de lingua galega e castelá.
 - 2. Avaliación negativa na área de matemáticas e nunha das áreas de lingua .
 - 3. Avaliación negativa en tres áreas instrumentais: lingua castelá, lingua galega, matemáticas.

- 4. Avaliación negativa en tres áreas (independentemente das que sexan) Establecido isto, consideramos que para que o alumno poida promocionar debe acadar avaliación positiva nos estándares mínimos fixados para as materias citadas A repetición será unha medida excepcional e tomarase despois de ter esgotadas o resto das medidas ordinarias de reforzo e apoio para resolver as dificultades de aprendizaxe do alumnado. Valorarase:
 - a. O carácter global da avaliación na educación primaria permite que o profesorado poida adoptar decisións de promoción valorando o distinto peso formativo que poidan ter as distintas áreas.
 - b. A conveniencia de permanecer no nivel para acadar con maior solidez as aprendizaxes básicas, especialmente nos primeiros cursos da E. Primaria na adquisición imprescindible para o progreso nos outros niveis.
 - c. As repercusións positivas ou negativas que o cambio de grupo pode ter n@ alumn@ segundo o seu grado de integración, carácter, personalidade...
 - d. A conducta do alumno. A influencia da mesma no seu grupo se promociona ou non novo grupo se non o fai.
 - e. A actitude cara o traballo, o progreso e o esforzo en función das súas capacidades.
 - f. A opinión da familia ou títos legais, que serán informadas e escoitadas previamente ás resolucións que se tomen.
 - g. A consulta ao D.O. do centro nos casos que proceda.
 - h. Calquera outra consideración particular que poida ser oportuna.
- PODE SER REPETICIÓN OU PROMOCIÓN

k) Os criterios xerais do outorgamento de matrículas de honra, de ser o caso

Non procede en Educación Infantil e Educación Primaria.

l) As decisións e criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas

As programacións didácticas serán elaboradas polo equipo docente na aplicación proens (respectando os apartados que se nos indicando) tomando como referencia a normativa vixente (Decreto 150/22, de 8 de setembro e o Decreto 155/2022 do 15 de setembro anteriormente mencionados), as liñas básicas do Proxecto Educativo e da Proframación xeral Anual e respectando as directrices da CCP do centro.

Cada curso escolar, as programacións didácticas unha vez elaboradas e validadas pola Inspección Educativa serán publicadas na páxina web do centro para poder ser consultadas por parte da comunidade educativa.

A maiores empregaranse outros momentos para informar á comunidade escolar sobre este e outros aspectos. Así destacamos:

- Reunións informativas. Programaranse ao inicio do curso reunións globais cos pais/nais ou títos legais por titorías, encamiñadas a expor as liñas xerais do plano de traballo. Semanalmente establecerase un horario de titoría previa cita os martes de 16.30 a 17.30. O horario poderá flexibilizarse ante as necesidades das familias.
- Taboleiros de anuncios do centro. O centro disporá dun espazo web actualizado con información referida á actividade diaria do centro así como aos eventos relevantes.
- Correo electrónico. O correo electrónico do centro é o medio máis rápido e seguro de comunicación co propio centro e calquera profesor/a do mesmo. Todos os días será consultado desde a dirección.
- Circulares informativas e axenda escolar. Cando algún sector da comunidade escolar ou a ANPA o solicite, poderanse enviar por medio do alumnado notas informativas ás familias. Tamén a axenda escolar do alumno serve de canle para transmitir información.
- AbalarMóbil: empregase esta ferramenta para enviar mensaxes, incidencias ás familias.

m) Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas

Para poder respectar e cumprir as finalidades do noso Proxecto Educativo, precisamos a introducción de programas transversais no desenvolvemento do currículo. Así, os CRITERIOS para a participación do centro en proxectos, plans e programas son os que seguen:

- Procurar Plans e programas consensuados que aporten renovación, coherencia e garantía de inclusión e equidade para o alumnado e comunidade.
 - Aproveitar as ofertas pedagóxicas de diferentes estamentos, asociacións e organismos filtrándose polo grao de resposta aos intereses pedagóxicos de titorías/ciclos/colectivos.
 - Ofrecerlle un gran protagonismo aos equipos de coordinación do centro (EDLG, Biblioteca, Convivencia/Benestar, Igualdade, Extraescolares, Contorna, Tics/plan Dixital) terán o protagonismo na selección e xestión das dinámicas.
 - Potenciar a participación e aproveitamento máximo de todas aquelas ofertas pedagóxicas nos diferentes ambientes da escola: biblioteca, Radio Escolar, Polo Creativo,
- Seguindo estas directrices o noso centro participa en:

- Proxecta+ con PDVA.
- Reparto de Froita na Escola.
- Contratos Programa CPInlúe e CPInova.
- PLAMBE e dentro deste na convocatoria de Clubes de Lectura.
- Desenvólvese no centro un PFPP de formación do profesorado, este curso escolar contemplará as seguintes liñas de traballo.
 - Liña 1: “Contratos- Programa no centro”. Liña competencia didáctica.
 - Liña 2: “Polos Creativos” Liña competencia dixital.

n) O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular

A Concreción Curricular será aprobada polo Claustro e formará parte do PE. Correspóndelle ao equipo docente avaliar o grao de cumprimento do disposto neste 2º NCC e facer o seu seguimento a través da CCP, xa que será este quen elevará ao claustro as modificacións que se estimen oportunas ao fin de mellorar o disposto nesta proposta pedagóxica.

O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular, realizarase periodicamente de xeito anual, mantendo asó dito documento actualizado fronte ás modificacións que sexa preciso realizar. Cabe destacar que axustaremos sempre o seu contido ás novas modificacións legislativas que vaian xurdindo. Esta avaliación da concreción, ten como finalidade adaptarse ás necesidades e características do centro. A memoria final anual será a principal ferramenta avaliativa desta concreción.

o) Outros apartados

1. Outros apartados

Non existen outros apartados a destacar